



cación do presente anuncio no último dos boletíns no que deba de selo (BOP ou DOG).

b) Documentación que hai que presentar: segundo os pregos, as proposicións constarán de tres sobres pechados, A, B e C, denominados de «Documentación Xeral», «Proposición económica para o concurso» e «Documentación específica para o concurso», coas inscricións e contendo a documentación que se sinala na cláusula 17 dos pregos de condicións particulares.

c) Prazo durante o que o licitador estará obligado a mante-la súa oferta (concurso): ata a resolución do concurso ou transcurso do prazo sinalado no artigo 89 do Real decreto lexislativo 2/2000.

d) Admisión de variantes: admitiranse únicamente variantes sobre os criterios establecidos no prego e posibilitadas por este (sobre a mellor prestación e calidade do servicio, bens no revertibles, melloras nas instalacións proxectadas, maior obra da proxectada...; segundo o artigo 18 dos pregos), sendo únicamente estas as valorables.

9. Apertura das ofertas: ás 13 horas do 6º día hábil seguinte ó de finalización do prazo para a presentación de proposicións (para estes efectos o sábadoo considerarase inhábil).

10. Gastos de anuncios a cargo do adxudicatario.
Bueu, 18 de decembro de 2002.

Tomás Barreiro Sotelo
Alcalde

CONCELLO DE CEE

Anuncio.

Aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo deste Concello, na sesión extraordinaria realizada o día vintesete de novembro deste ano, o proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal acceso SAU-2, exponse ó público polo prazo dun mes na Secretaría Municipal en horas hábiles de oficina.

O que se fai público para o seu exame e possibles reclamacións en cumprimento do disposto no artigo 42.1º da Lei 7/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

Cee, 5 de decembro de 2002.

José Antonio Domínguez García
Alcalde-presidente

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (EDD-6/2001).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 11 de novembro de 2002, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Desestima-la alegación presentada en tempo e forma por Manuel Rodilla del Barrio por

non constitui-las súas pretensións obxecto da fase procedemental actual.

Segundo.-Aprobar definitivamente o estudio de detalle para sinalamento das rasantes dos viarios da avenida de Monelos, vía perimetral oeste do parque ofimático e novo viario que une ámbalas dúas vías e para ordenación de volumes no polígono H11.03 avenida dos Monelos II, promovido por *Consolidada de Promotores, S.A.*, coa condición de que o promotor do documento presente, con anterioridade a dar cumprimento ás indicacións contidas no artigo 48 LSG, cinco textos refundidos do mesmo, no se que se concentren as determinacións do estudio de detalle que tivo entrada no rexistro municipal o 11 de xuño de 2002 (rex. de entrada número 57775) coas do anexo ó mesmo presentdo en data 9 de setembro de 2002 (rex. de entrada número 87109).

Terceiro.-Notifica-lo presente acordo ó promotor do documento así como a tódolos propietarios incluídos no polígono.

Cuarto.-Publica-lo presente acordo no DOG e no BOP e comunica-la aprobación ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dándolle traslado dunha copia autenticada do expediente administrativo e de dous exemplares do texto refundido queu se presente polo promotor trala aprobación definitiva.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra el con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o dictou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O que se publica para xeral coñecemento e para produci-los efectos previstos no presente acordo.

A Coruña, 19 de novembro de 2002.

Salvador Fernández Moreira
Concelleiro delegado de Urbanismo

CONCELLO DE CRECENTE

Edicto.

Formulado o avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Crecente, e sometido a coñecemento do Pleno en sesión extraordinaria cele-